

RECENSIÓN

Carme FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN [ed.] (2011): *Viaxes e construción do pensamento: viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936*. A Coruña: Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións; Fundación Vicente Risco, 316 p.

Reseñado por:

Leticia Eirín García
Universidade da Coruña
leirin@udc.es

Recibido: 14.XI.2012 – **Aceptado:** 14.XI.2012

O volume *Viaxes e construción do pensamento: viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936*, editado pola profesora Carme Fernández Pérez-Sanjulián e publicado o pasado ano 2011, inclúe os artigos derivados dos relatorios do curso de verán que, baixo o mesmo título, tivo lugar en Ourense entre os días 13 e 16 de setembro de 2010, organizado pola Universidade da Coruña e a Fundación Vicente Risco.

Como é indicado nas páxinas introdutorias, debidas á citada editora e organizadora, a realización do curso e a edición da obra que nos ocupa obedecen a unha dupla finalidade: unha primeira aproximación á análise sobre o que as viaxes, realizadas tanto en territorio galego como fóra da xeografía galai-ca, supuxeron na formación e aprendizaxe das elites intelectuais galegas do denominado Segundo Renacemento, e o estudo da importancia que esas mesmas viaxes tiveron na construción do discurso identitario galego no período de preguerra.

Este duplo propósito ou finalidade inicial a que vimos de facer referencia complementábase con outros cinco obxectivos que a profesora Fernández Pérez-Sanjulián enumera e explica na propia «Introdución»: o exame do discurso creado a partir da temática da viaxe no ámbito cultural galego do primeiro terzo do século XX, a análise das tipoloxías textuais aparecidas en base a este *topos*, o estudo da simboloxía da viaxe nos textos literarios, a súa consideración na configuración da elite intelectual ou, por último, a conformación do discurso identitario galego. Estes son os elementos por volta dos cales se organizan os dezanove artigos recollidos na obra, aspectos que, tal e como comprobaremos a seguir, os especialistas convidados a participaren no curso se encargaron de desenvolver cumpridamente. Nesta mesma liña, veremos como en conxunto *Viaxes e construción do pensamento* comprende ou engloba moi diversas áreas e

ámbitos de coñecemento, posto que un estudo tan extenso e completo como o presente esixe necesariamente un acrecentamento ou ampliación do punto de vista, de maneira que as contribucións aquí recollidas non fican circunscritas unicamente ao fenómeno literario —como poderíamos supoñer *a priori*—, senón que tamén entran en xogo, entre outras, a xeografía, a historia, a arqueoloxía ou algunhas das artes visuais.

Deste modo, deberíamos quizais facer mención en primeiro lugar a traballos como o de Xosé Somoza Medina, quen centra a súa atención na confluencia entre a xeografía e a literatura, así como na súa evolución ao longo dos séculos até chegar a cuestións como o turismo e as guías, en que se conxugan os devanditos elementos. Por súa parte, José M.^a Eguileta Franco estuda en «Turistas, viaxeiros, investigadores e identidades» a relevancia do patrimonio arqueolóxico como máis un modo para o coñecemento do propio país, en canto o profesor Carlos F. Velasco Souto, e desde unha perspectiva histórica, examina a tendencia do nacionalismo galego cara a un discurso enfocado na viaxe como aprendizaxe a través do coñecemento doutras culturas. Nun sentido diverso, Ricardo Gurriarán considera e estuda no seu traballo o papel dos estudiosos galegos das ciencias experimentais que, a comezos da pasada centuria, contribuíron á propagación da modernidade europea e á construción do pensamento grazas ás viaxes realizadas ao abeiro dun programa de política científica que permitía estes desprazamentos.

Xa a propósito do ámbito visual, analiza Pablo Gallego Picard no seu artigo titulado «Viaxe, paisaxe e memoria: *Unha Viaxe por... 1929–2009*» as imaxes da paisaxe galega filmadas a comezos do pasado século polo fotógrafo Luís Rodríguez Alonso, mentres que Manuel Forcadela considera —de modo realmente lúcido e acertado, na nosa opinión— a figura da tamén fotógrafa estadounidense Ruth Matilda Anderson e a súa característica e ampla visión da realidade galega do momento: paisaxe, tipos, costumes, vida das mulleres etc. Como é obvio, esta perspectiva ficou reflectida nos milleiros de fotografías tomadas durante as diversas viaxes que levou a cabo pola nosa terra nos anos vinte, enviada pola Hispanic Society of America, e que, como o propio Forcadela indica, constitúen o «ollar do Outro». Tamén Kathleen March en «A Galiza dos séculos XIX e XX: A ollada anglosaxona» repara na figura desta fotógrafa, mais tamén na doutras cinco mulleres anglosaxoas que visitaron Galiza nesta época —estamos a falar de Jane Leck, Katherine Lee Bates, Annette Meakin, Catherine Gasquoine Hartley e Georgiana Goddard King—, ofrecéndonos así unha caracterización da realidade galega desde un punto de vista feminino e foráneo.

Desexamos facer especial referencia ao capítulo «A viaxe inacabada da literatura de viaxes: paradoxos, cuestionamento e transformacións dun xénero», da responsabilidade de María López Sánchez, quen nos ofrece unha extraordinaria e clarificadora exposición —dunha natureza quizais máis teórica do que boa parte dos traballos previamente citados—, onde, entre outros aspectos, afronta a definición do complexo «xénero de viaxes», as fases do seu desenvolvemento desde a segunda metade do século XVIII até ao XX e algúns dos seus antecedentes como Herodoto, Estrabón, a monxa Exeria, Marco Polo ou Cristovo Colón, por citarmos algúns exemplos. A respecto da literatura galega repara na represen-

tativa e, en ningún caso, casual importación deste xénero por Risco, Castelao e Otero Pedrayo, principais personalidades da Época Nós e creadores dunha literatura de viaxes a medio camiño entre o ensaio e a ficción.

En «A experiencia da viaxe e o intelectual de preguerra» reflexiona a profesora María Pilar García Negro sobre a concepción que os intelectuais do momento tiñan da viaxe e da literatura de viaxes, e establece unha moi atinada e pertinente distinción, a noso parecer, entre «viaxe masivo-forzosa (a emigración)» e «viaxe voluntario-propositada (a da minoría intelectual do tempo)», que teñen como punto de encontro a «viaxe centrípeta», a viaxe de regreso ao país.

Atopamos tamén no volume un grupo de tres estudos, da autoría de Anxo Angueira, Francisco Salinas Portugal e Alberto Allegue Leira, cuxa atención está orientada cara ao estudo da representación na literatura da descuberta do país. No primeiro deles analiza Angueira a forte unión entre a poética literaria de moitos dos autores da literatura galega e a paisaxe (Frei Martín Sarmiento, Rosalía de Castro, Novoneyra, Méndez Ferrín, Lois Pereiro ou Manuel Rivas). Pola súa banda, o profesor Salinas a partir da novela de Otero Pedrayo *Arredor de si* e do relato «Dedalus en Compostela» de Risco, arquetipos da viaxe como experiencia individual, expón a dimensión identitaria e de construción da nación presentes en ambos, en canto Allegue Leira estuda de xeito detallado as circunstancias que deron lugar a *Pelerinaxes I*, do xa citado Ramón Otero Pedrayo, obra á que habitualmente se fai alusión como paradigma irrefutábel de literatura de viaxes dentro do sistema literario galego.

O capítulo debido a Bieito Alonso Fernández reflexiona, como fica indicado no propio título «A imaxe de Galiza na emigración», na imaxe de Galiza entre a comunidade galega na emigración, non exenta de tópicos e estereotipos, que coexiste na altura cunha outra imaxe portadora dunha maior carga ideolóxica, e cuxa xénese está ligada aos grupos vinculados ao galeguismo. Nesta mesma liña, Uxío-Breogán Diéguez Cequiel desenvolve unha análise dos xornais *Galicia Moderna*, *Centro Gallego* e *Terra*, fundados na emigración, como medios para o coñecemento da estruturación ou organización da colectividade galega na América do Sur.

Os últimos artigos incluídos no volume están dedicados a autores concretos e de grande relevancia na nosa literatura que, nalgún momento das súas vidas, viaxaron ao estranxeiro e plasmaron as súas experiencias en diversas obras. Así, Camiño Noia dedica o seu traballo á «Viaxe de estudos de Castelao a Europa» e Luís Martínez-Risco á realizada por Vicente Risco e relatada en *Mitteleuropa*. Por último, e tratados por Arturo Casas, Marga Romero e Xosé Ramón Pousa respectivamente, preséntansenos varios contributos dedicados ás viaxes de Rafael Dieste, Lois Tobío e Augusto Assía, figuras máis novas do que as citadas até ao momento e, consecuentemente, tamén máis afastadas do Grupo Nós e da súa concepción estético-ideolóxica.

Á vista do previamente indicado, e a modo de conclusión, o único inconveniente que, na nosa opinión, podería serlle apostado a esta obra é o feito de varios dos estudos insistiren ou confluiren no tratamento dalgúns temas, como acontece coa análise de tres dos grandes persoeiros da Época Nós —Risco, Castelao e Otero Pedrayo—, así como das súas obras relacionadas coa literatura de

viaxes. Esta eventualidade podería quizais ser evitada en certa medida cunha maior delimitación das liñas de análise e estudo de cada un dos asinantes do volume, mais tamén somos conscientes de que estamos a falar de autores de extraordinaria importancia para Galiza e, por tanto, de obrigada presenza nestas páxinas. *Viaxes e construción do pensamento: viaxes e viaxeiros na Galiza anterior a 1936* é pois, tanto pola súa organización como pola cualidade e valía dos artigos nela recollidos, unha obra indispensábel para o coñecemento e valoración que as viaxes, e os textos e demais manifestacións delas derivadas, tiveron na construción do discurso identitario galego no período de preguerra.